



O APALPADOR CONTA CON VÓS



QUEN É O APALPADOR ?

ONDE VIVE ?

CANDO VEN ?

COMO SABE
SE NOS PORTAMOS BEN ?

QUE OUTROS
SUPERPODERES TEN ?

O APALPADOR CONTA CON VÓS

PÚBLICO	Público familiar / Infantil de 4-10 anos
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Nadal / Tradición / Int-Ext /
SINOPSE	<p>O Apalpador é unha personaxe mitolóxica da tradición galega que estivo a piques de desaparecer pero do que aínda quedan algunhas testemuñas na zona do Caurel e os Ancares. Conta a tradición que é un xigante, que foi carboeiro, que apaña castañas e talla xoguetes en anacos de madeira que atopa nos seus paseos polos montes.</p> <p>Neste espectáculo recibimos a súa visita para que nos conte quen é, cal é a súa orixe, a que se adica no seu día a día ... e o que é máis importante que consellos temos que seguir para que cando nos visite nos deixe unha presada de castañas e algún dos agasallos que el mesmo fai en madeira. Unha personaxe entrañable que nos fará pasar unha hora chea de maxia.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO



O Apalpador percorre cada día os montes do Courel apañando castañas e anacos de madeira para facer xoguetes.



Recuperamos unha figura mitolóxica galega que estivo a piques de desaparecer da nosa memoria.

Valores: Coidado medio ambiental, consumo responsable, transmisión das nosas tradicións, ...



**A TRASTENDA
DOS CONTOS**

@caxoto_
653 61 61 26
caxoto@atrastendadoscontos.com
www.atrastendadoscontos.com

SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

